

## ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL MUGARDOS

*Aprobación definitiva da modificación das ordenanzas fiscais números 6, 7 e 8*

### ANUNCIO

#### APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DAS ORDENANZAS FISCAIS NÚMEROS 6, 7 E 8

Téndose desestimado polo Pleno da Corporación, en sesión extraordinaria celebrada o día 13 de abril de 2015, a reclamación presentada á aprobación inicial das ordenanzas fiscais seguintes:

Ordenanza fiscal n.º 6, reguladora da taxa polo servizo de recollida de lixo.

Ordenanza fiscal n.º 7, reguladora da taxa polo servizo de subministro de auga.

Ordenanza Fiscal n.º 8, reguladora da taxa polo servizo de sumidoiros.

Aos efectos previstos no apartado 4 do artigo 17 do R.D. legislativo 2/2004 de 5 de marzo, procédese á publicación do texto íntegro das ordenanzas para os efectos da súa entrada en vigor.

De conformidade co previsto na legislación vixente contra o acordo descrito no parágrafo anterior, poderán os interesados interpoñer directamente o recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao de publicación deste Edicto. Poderán así mesmo interpoñer calquera outro que estimen axeitado.

#### ORDENANZA FISCAL NÚM. 6, REGULADORA DA TAXA POLO SERVIZO DE RECOLLIDA DO LIXO

##### ARTIGO 1.-FUNDAMENTO E RÉXIME.

En uso das facultades concedidas polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRHL), este Concello establece a taxa polo servizo de recollida de lixos, que se rexerá por esta ordenanza fiscal, cuxas normas atenden ao establecido no artigo 57 do TRLRHL.

##### ARTIGO 2.-FEITO IMPOÑIBLE.

Constitúe o feito imponible da taxa a prestación do servizo de recepción obrigatoria de recollida de lixos domiciliarios e residuos sólidos urbanos de vivendas, aloxamentos e locais ou establecementos onde se exerzan actividades industriais, comerciais, profesionais, artísticas ou de servizos.

Non está suxeita á taxa a prestación, de carácter voluntario e a instancia de parte, dos seguintes servizos:

- a) Recollida de lixos e residuos non cualificados de domiciliarios e urbanos de industrias, hospitais e laboratorios.
- b) Recollida de escorias e cinzas de calefaccións centrais.
- c) Recollida de cascallos de obras.

##### ARTIGO 3.-SUXEITO PASIVO.

Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas, ou as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, que ocupen ou utilicen as vivendas e locais situados nos lugares, prazas, rúas ou vías públicas en que se preste o servizo, xa sexa a título de propietario, usufructuario, arrendatario, habitacionista ou ata precario.

Son suxeitos pasivos substitutos do contribuínte os propietarios das vivendas e locais, quen poderán repercutir, no seu caso, as cotas sobre os beneficiarios do servizo.

##### ARTIGO 4.-COTA TRIBUTARIA.

1. A cota tributaria consistirá nunha cantidade fixa, por unidade de local, que se determinará en función da natureza e destino dos inmobles e da súa situación.

A estes efectos aplicarase a seguinte tarifa:

CONCEPTO	IMPORTE (€/TRIMESTRE)
Vivendas no centro urbano	23,16
Vivendas fóse do centro urbano	14,53
Establecementos comerciais e industriais no centro urbano	46,08
Establecementos comerciais e industriais fóse do centro urbano	40,10

Estas tarifas actualizaranse anualmente segundo o índice de prezos ao consumo publicado polo Instituto Nacional de Estatística no mes de decembro.

2. Gozarán de exención aqueles contribuintes cuxa unidade familiar perciba ingresos mensuais, por todos os conceptos, inferiores ou iguais ao 120% do IPREM.

3. Gozarán dunha bonificación do 25% aqueles contribuintes que cumpran os requisitos da táboa anexa:

N.º DE MEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR	INGRESOS MENSUAIS POR TODOS OS CONCEPTOS (€)
Dúas persoas	$\geq 120\% \text{ IPREM} + 60 \text{ €}$
Tres persoas	$\geq 120\% \text{ IPREM} + 60 \text{ €} / 120\% \text{ IPREM} + 120 \text{ €}$
Catro persoas	$\geq 120\% \text{ IPREM} + 120 \text{ €} / 120\% \text{ IPREM} + 180 \text{ €}$
Cinco persoas	$\geq 120\% \text{ IPREM} + 180 \text{ €} / 120\% \text{ IPREM} + 240 \text{ €}$
Seis persoas	$\geq 120\% \text{ IPREM} + 240 \text{ €} / 120\% \text{ IPREM} + 300 \text{ €}$
Sete persoas	$\geq 120\% \text{ IPREM} + 300 \text{ €} / 120\% \text{ IPREM} + 360 \text{ €}$
Oito persoas	$\geq 120\% \text{ IPREM} + 360 \text{ €} / 120\% \text{ IPREM} + 420 \text{ €}$
Nove persoas	$\geq 120\% \text{ IPREM} + 420 \text{ €} / 120\% \text{ IPREM} + 480 \text{ €}$

A base imponible virá determinada polos ingresos de todos os membros da unidade familiar divididos entre doce. A estes efectos teñen a consideración de ingresos a suma da base imponible xeral (casilla correspondente da declaración) coa base imponible do aforro (casilla correspondente da declaración), do imposto sobre a renda das persoas físicas.

Para o previsto nestas bases considérase que compoñen a unidade familiar:

- Os pais/nais non separados legalmente e, no seu caso, o titor ou persoa encargada da garda e protección do menor.
- Os fillos/as menores de idade, con excepción dos emancipados.
- Os fillos/as maiores de idade con discapacidade física, psíquica ou sensorial ou incapacitados xudicialmente, suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
- Os fillos/as solteiros/as menores de vintecinco anos e que convivan no domicilio familiar a 31 de decembro do ano inmediato anterior a aquel no que comeza o curso escolar para o que se solicita o servizo sempre que non tiveran un contrato de traballo ou percibiran recursos (agás bolsas) durante o ano anterior.
- Cando non exista vínculo matrimonial a unidade familiar entenderase constituída polo pai, a nai e todos os fillos dos pais que convivan con eles e que reúnan os requisitos do apartado anterior.
- No caso de separación ou divorcio, non se considerará membro da unidade familiar aquel que non conviva co solicitante do servizo. En cambio, si terá a consideración de membro computable o novo cónxuxe ou persoa unida ao pai/nai e que si conviva co solicitante. A separación ou divorcio acreditarase mediante sentenza xudicial que determine a mesma, ou convenio regulador onde conste a custodia do menor.
- No caso de familias monoparentais (segundo artigo 13 da Lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia), e para os efectos do cálculo da renda per cápita, ao que se refire o parágrafo anterior, incrementaranse nun 0,8 o número real de membros que compoñen a unidade familiar.

Para as persoas non obrigadas a declarar, as bases imponibles a que se fai referencia obteranse como resultado de aplicarles ós datos existentes na Administración os criterios da lexislación do imposto sobre a renda das persoas físicas.

Calquera indicio de cambio non declarado, distorsión ou falseamento da situación socioeconómica reflectida na solitude, poderá dar lugar a que se inicie de oficio un expediente de comprobación dos datos referidos. Coa apertura deste expediente nomearase instrutor/a e secretario/a que elaborarán un informe que será obxecto de análise por parte da comisión de baremación, coordinación e seguimento. Poderase requirir ao/a solicitante os documentos que se consideren precisos para a resolución do expediente.

Aqueles solicitantes que non acheguen a documentación requirida para a determinación da súa capacidade económica, no prazo de subsanación correspondente, non gozarán de exención nin bonificación algunha. Este parágrafo non será de aplicación aos solicitantes en situación de emerxencia social ou con informe técnico no que se acredite que se trata de

familias con problemas de integración social, en risco de exclusión, desestructuración familiar, con inicio de expediente en menores ou de intervención familiar.

4. Serán requisitos imprescindibles para poder gozar das exencións ou bonificación recollidas nos parágrafos anteriores:

- Estar empadronado no Concello de Mugaros.
- Que a propiedade pola que se solicita o beneficio fiscal sexa a vivenda habitual.

5. Aos efectos de valorar as solicitudes de exencións e bonificacións presentadas constituirase unha comisión de baremación, coordinación e seguimento que aplicará o disposto no parágrafo anterior e propondrá a contía a aboar ou exención a aplicar en cada caso. Dita comisión estará composta por:

Presidente/a: o alcalde o u concelleiro/a en quen delegue.

Secretario/a: o da corporación ou funcionario/a en quen delegue (con voz e sen voto).

Vogais: un traballador/a do departamento de benestar social.

A interventora do Concello ou funcionario/a en quen delegue.

As solicitudes presentaránse dentro do prazo que se estableza a tal efecto mediante convocatoria pública. Entregaranse no rexistro xeral do Concello, no modelo facilitado ao efecto e achegando a documentación necesaria para verificar que se cumpren as condicións. A comisión poderá propor a concesión dos beneficios fóra dos prazos establecidos cando se acredite un cambio na situación económica, supoñendo dito cambio o cumprimento dos requisitos establecidos na presente ordenanza.

Dita comisión efectuará a proposta inicial de cualificación, correspondendo a resolución ao/á Sr./Sra. alcalde/alcalde-sa. Esta resolución expoñeráse no taboleiro de anuncios do Concello.

Os/as solicitantes que o desexen poderán efectuar as reclamacións debidamente documentadas que estimen oportunas no prazo de 10 días naturais, contados dende a data de publicación da relación provisional, ao abeiro do establecido na sobredita Lei 30/92 de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común. Estas reclamacións entenderanse resoltas coa publicación da lista definitiva.

#### **ARTIGO 5.-DEVEÑO.**

A obrigación de contribuír nace no momento en que se inicie a prestación do servizo, entendéndose iniciada, dada a recepción obrigatoria do mesmo, cando estea establecido e en funcionamento o servizo nas rúas ou lugares onde estean as vivendas ou locais.

O deveño prodúcese o primeiro día de cada trimestre natural. Salvo nos casos de alta en que o deveño producirase o día do alta. As cotas son irreducibles.

#### **ARTIGO 6.-XESTIÓN.**

Os suxeitos pasivos están obrigados a presentar declaración de alta no padrón nos trinta días seguintes ao primeiro deveño da taxa, ingresando, ao mesmo tempo, a cota correspondente.

Así mesmo deberán comunicar calquera variación nos datos. As variacións fornecerán efectos no período de cobranza seguinte.

O cobro efectúase trimestralmente mediante recibo derivado do padrón.

#### **ARTIGO 8.-INFRACCIÓNS E SANCIÓN.**

En todo o relativo á cualificación das infraccións tributarias, así como á determinación das sancións que polas mesmas correspondan en cada caso, aplicarase o réxime regulado na LGT e nas disposicións que a complementan e desenvolven.

#### **DISPOSICIÓN DERRADEIRA**

Esta ordenanza entrará en vigor a partir da publicación do seu texto íntegro non Boletín Oficial da Provincia, será de aplicación a partir do día seguinte ao da súa publicación e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

**ORDENANZA FISCAL NÚM. 7, REGULADORA DA TAXA POLO SERVIZO DE SUBMINISTRO DE AUGA****ARTIGO 1.-FUNDAMENTO E RÉXIME.**

En uso das facultades concedidas polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRHL), este Concello establece a taxa polo servizo de subministración de auga, que se rexerá por esta ordenanza fiscal, cuxas normas atenden ao establecido no artigo 57 do TRLRHL.

**ARTIGO 2.-FEITO IMPOÑIBLE.**

Constitúe o feito imponible da taxa a actividade municipal desenvolvida con motivo da distribución de auga potable a domicilio e o enganche de liñas á rede.

**ARTIGO 3.-SUXEITO PASIVO.**

Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas, ou as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, que soliciten ou resulten beneficiadas polos servizos a que se refire esta ordenanza.

Son suxeitos pasivos substitutos do contribuínte os propietarios das vivendas e locais, quen poderán repercutir, no seu caso, as cotas sobre os beneficiarios do servizo.

**ARTIGO 4.-COTA TRIBUTARIA.**

1. A cota tributaria polo enganche de liñas á rede esixirase unha soa vez e consistirá nunha cantidade fixa de 21,67 € por cada vivenda ou local comercial.

A cota tributaria pola distribución de auga potable a domicilio será a que deriva da seguinte tarifa:

CONCEPTO	IMPORTE (€/TRIMESTRE)
<b>USOS DOMÉSTICOS</b>	
Cuota de mantemento do servizo	0,00
Consumo de 1 a 30 m <sup>3</sup>	0,22
Consumo de 31 a 60 m <sup>3</sup>	0,39
Consumo de máis de 60 m <sup>3</sup>	0,71
<b>USOS COMERCIAIS E INDUSTRIAIS</b>	
Cuota de mantemento do servizo	0,00
Consumo de 1 a 30 m <sup>3</sup>	0,35
Consumo de 31 a 350 m <sup>3</sup>	0,39
Consumo de máis de 350 m <sup>3</sup>	0,72

Estas tarifas non inclúen o IVE correspondente.

Estas tarifas actualizaranse anualmente segundo o índice de prezos ao consumo publicado polo Instituto Nacional de Estatística no mes de decembro.

2. Gozarán de exención aqueles contribuíntes cuxa unidade familiar perciba ingresos mensuais, por todos os conceptos, inferiores ou iguais ao 120% do IPREM.

3. Gozarán dunha bonificación do 25% aqueles contribuíntes que cumpran os requisitos da táboa anexa:

N.º DE MEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR	INGRESOS MENSUAIS POR TODOS OS CONCEPTOS (€)
Dúas persoas	≥ 120% IPREM + 60 €
Tres persoas	≥ 120% IPREM + 60 € / 120% IPREM + 120 €
Catro persoas	≥ 120% IPREM + 120 € / 120% IPREM + 180 €
Cinco persoas	≥ 120% IPREM + 180 € / 120% IPREM + 240 €
Seis persoas	≥ 120% IPREM + 240 € / 120% IPREM + 300 €
Sete persoas	≥ 120% IPREM + 300 € / 120% IPREM + 360 €
Oito persoas	≥ 120% IPREM + 360 € / 120% IPREM + 420 €
Nove persoas	≥ 120% IPREM + 420 € / 120% IPREM + 480 €

A base imponible virá determinada polos ingresos de todos os membros da unidade familiar divididos entre doce. A estes efectos teñen a consideración de ingresos a suma da base imponible xeral (casilla correspondente da declaración) coa base imponible do aforro (casilla correspondente da declaración), do imposto sobre a renda das persoas físicas.

Para o previsto nestas bases considérase que compoñen a unidade familiar:

- Os pais/nais non separados legalmente e, no seu caso, o titor ou persoa encargada da garda e protección do menor.
- Os fillos/as menores de idade, con excepción dos emancipados.
- Os fillos/as maiores de idade con discapacidade física, psíquica ou sensorial ou incapacitados xudicialmente, suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
- Os fillos/as solteiros/as menores de vinte e cinco anos e que convivan no domicilio familiar a 31 de decembro do ano inmediato anterior a aquel no que comeza o curso escolar para o que se solicita o servizo sempre que non tiveran un contrato de traballo ou percibiran recursos (agás bolsas) durante o ano anterior.
- Cando non exista vínculo matrimonial a unidade familiar entenderase constituída polo pai, a nai e todos os fillos dos pais que convivan con eles e que reúnan os requisitos do apartado anterior.
- No caso de separación ou divorcio, non se considerará membro da unidade familiar aquel que non conviva co solicitante do servizo. En cambio, si terá a consideración de membro computable o novo cónxuxe ou persoa unida ao pai/nai e que si conviva co solicitante. A separación ou divorcio acreditarase mediante sentenza xudicial que determine a mesma, ou convenio regulador onde conste a custodia do menor.
- No caso de familias monoparentais (segundo artigo 13 da Lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia), e para os efectos do cálculo da renda per cápita, ao que se refire o parágrafo anterior, incrementaranse nun 0,8 o número real de membros que compoñen a unidade familiar.

Para as persoas non obrigadas a declarar, as bases impositivas a que se fai referencia obteranse como resultado de aplicarles ós datos existentes na Administración os criterios da lexislación do imposto sobre a renda das persoas físicas.

Calquera indicio de cambio non declarado, distorsión ou falseamento da situación socioeconómica reflectida na solicitude, poderá dar lugar a que se inicie de oficio un expediente de comprobación dos datos referidos. Coa apertura deste expediente nomearase instrutor/a e secretario/a que elaborarán un informe que será obxecto de análise por parte da comisión de baremación, coordinación e seguimento. Poderase requirir ao/a solicitante os documentos que se consideren precisos para a resolución do expediente.

Aqueles solicitantes que non acheguen a documentación requirida para a determinación da súa capacidade económica, no prazo de subsanación correspondente, non gozarán de exención nin bonificación algunha. Este parágrafo non será de aplicación aos solicitantes en situación de emerxencia social ou con informe técnico no que se acredite que se trata de familias con problemas de integración social, en risco de exclusión, desestructuración familiar, con inicio de expediente en menores ou de intervención familiar.

4. Serán requisitos imprescindibles para poder gozar das exencións ou bonificación recollidas nos parágrafos anteriores:

- Estar empadronado no Concello de Mugardos.
- Que a propiedade pola que se solicita o beneficio fiscal sexa a vivenda habitual.

5. Aos efectos de valorar as solicitudes de exencións e bonificacións presentadas constituirase unha comisión de baremación, coordinación e seguimento que aplicará o disposto no parágrafo anterior e propondrá a contía a aboar ou exención a aplicar en cada caso. Dita comisión estará composta por:

Presidente/a: o alcalde o u concelleiro/a en quen delegue.

Secretario/a: o da corporación ou funcionario/a en quen delegue (con voz e sen voto).

Vogais: un traballador/a do departamento de benestar social.

A interventora do Concello ou funcionario/a en quen delegue.

As solicitudes presentaranse dentro do prazo que se establece a tal efecto mediante convocatoria pública. Entregaranse no rexistro xeral do Concello, no modelo facilitado ao efecto e achegando a documentación necesaria para verificar que se cumpren as condicións. A comisión poderá propor a concesión dos beneficios fóra dos prazos establecidos cando se acredite un cambio na situación económica, supoñendo dito cambio o cumprimento dos requisitos establecidos na presente ordenanza.

Dita comisión efectuará a proposta inicial de cualificación, correspondendo a resolución ao/á Sr./Sra. alcalde/alcalde-sa. Esta resolución expoñerase no taboleiro de anuncios do Concello.

Os/as solicitantes que o desexen poderán efectuar as reclamacións debidamente documentadas que estimen oportunas no prazo de 10 días naturais, contados dende a data de publicación da relación provisional, ao abeiro do establecido

na sobredita Lei 30/92 de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común. Estas reclamacións entenderanse resoltas coa publicación da lista definitiva.

Gozarán de exención as entidades sociais sen ánimo de lucro, ata o límite de 10 m<sup>3</sup> mensuais, sempre que ese consumo destínese aos seus fins sociais.

#### **ARTIGO 5.-DEVEÑO.**

A obrigación de contribuír nace no momento en que se inicie a prestación do servizo, entendéndose iniciada cando se presente a solicitude de enganche ou, non habéndose solicitado este, desde que exista efectivamente.

O deveño prodúcese o primeiro día de cada trimestre natural. Salvo nos casos de alta en que o deveño producírase o día do alta. As cotas son irreducibles.

#### **ARTIGO 6.-XESTIÓN.**

No caso de enganche de liñas á rede, os suxeitos pasivos presentarán a oportuna solicitude e, unha vez concedida, practicaráselles e notificará a liquidación que proceda. Así mesmo, incluíráselles no padrón para o cobro das sucesivas cotas.

As altas e baixas posteriores serán notificadas nos trinta días seguintes á variación e fornecerán efectos no período de cobranza seguinte.

Non se concederán baixas que non vaian acompañadas da correspondente alta salvo que se xustifique a non utilización do servizo.

O cobro efectúase trimestralmente mediante recibo derivado do padrón.

#### **ARTIGO 8.-INFRACCIÓN E SANCIÓN.**

En todo o relativo á cualificación das infraccións tributarias, así como á determinación das sancións que polas mesmas correspondan en cada caso, aplicarase o réxime regulado na LGT e nas disposicións que a complementan e desenvolven.

#### **DISPOSICIÓN DERRADEIRA**

Esta ordenanza entrará en vigor a partir da publicación do seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia, será de aplicación a partir do día seguinte ao da súa publicación e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

### **ORDENANZA FISCAL NÚM. 8, REGULADORA DA TAXA POLO SERVIZO DE SUMIDOIROS.**

#### **ARTIGO 1.-FUNDAMENTO E RÉXIME.**

En uso das facultades concedidas polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRHL), este Concello establece a taxa polo servizo de rede de sumidoiros, que se rexerá por esta ordenanza fiscal, cuxas normas atenden ao establecido no artigo 57 do TRLRHL.

#### **ARTIGO 2.-FEITO IMPOÑIBLE.**

Constitúe o feito imponible da taxa:

a) A actividade municipal, técnica e administrativa que tende a verificar as condicións necesarias para autorizar a acometida á rede de sumidoiros municipais.

b) A prestación dúas servizos de evacuación de excretas, augas pluviais, negras e residuais, a través dá rede de sumidoiros municipais, e ou seu tratamento para depuralas.

Non estarán suxeitas á taxa as leiras derruídas, declaradas ruinosas ou que teñan a condición de solar ou terreo.

#### **ARTIGO 3.-SUXEITO PASIVO.**

Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas, ou as entidades a que se refire o artigo 35.4 dá Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, que sexan:

f) Cando trátase dá concesión dá licenza de acometida á rede, ou propietario, usufructuario ou titular do dominio útil dá leira.

g) Non caso de prestación de servizos do apartado b) do artigo anterior, vos ocupantes ou usuarios das leiras do termo municipal beneficiarias dúas devanditos servizos, calquera que sexa ou seu título: propietario, usufructuario, arrendatario, habitacionista ou ata precario.

En todo caso, terá a consideración de suxeito pasivo substituído do ocupante ou usuario das vivendas ou locais, ou propietario destes inmobles, quen poderá repercutir, non seu caso, as cotas satisfeitas sobre vos respectivos beneficiarios do servizo.

#### ARTIGO 4.-COTA TRIBUTARIA.

A cota tributaria polo enganche á rede esixirase unha soa vez e consistirá nunha cantidade fixa de 22.21 € por cada vivenda ou local comercial.

1. A cota tributaria pola prestación do servizo será a que deriva da seguinte tarifa:

CON ABASTECIMENTO DE AUGA	EUROS
Consumo de 1 a 30 m <sup>3</sup>	0,07
Consumo de máis de 30 m <sup>3</sup>	0,08
<b>TERREOS, EDIFICACIÓNS E LOCAIS DE TODO TIPO SEN SERVIZO DE ABASTECIMENTO DE AUGA</b>	
Mantemento	2,43

Estas tarifas actualizaranse anualmente segundo o índice de prezos ao consumo publicado polo Instituto Nacional de Estatística no mes de decembro.

2. Gozarán de exención aqueles contribuíntes cuxa unidade familiar perciba ingresos mensuais, por todos os conceptos, inferiores ou iguais ao 120% do IPREM.

3. Gozarán dunha bonificación do 25% aqueles contribuíntes que cumpran os requisitos da táboa anexa:

N.º DE MEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR	INGRESOS MENSUAIS POR TODOS OS CONCEPTOS (€)
Dúas persoas	≥ 120% IPREM + 60 €
Tres persoas	≥ 120% IPREM + 60 € / 120% IPREM + 120 €
Catro persoas	≥ 120% IPREM + 120 € / 120% IPREM + 180 €
Cinco persoas	≥ 120% IPREM + 180 € / 120% IPREM + 240 €
Seis persoas	≥ 120% IPREM + 240 € / 120% IPREM + 300 €
Sete persoas	≥ 120% IPREM + 300 € / 120% IPREM + 360 €
Oito persoas	≥ 120% IPREM + 360 € / 120% IPREM + 420 €
Nove persoas	≥ 120% IPREM + 420 € / 120% IPREM + 480 €

A base imponible virá determinada polos ingresos de todos os membros da unidade familiar divididos entre doce. A estes efectos teñen a consideración de ingresos a suma da base imponible xeral (casilla correspondente da declaración) coa base imponible do aforro (casilla correspondente da declaración), do imposto sobre a renda das persoas físicas.

Para o previsto nestas bases considérase que compoñen a unidade familiar:

- Os pais/nais non separados legalmente e, no seu caso, o titor ou persoa encargada da garda e protección do menor.
- Os fillos/as menores de idade, con excepción dos emancipados.
- Os fillos/as maiores de idade con discapacidade física, psíquica ou sensorial ou incapacitados xudicialmente, suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
- Os fillos/as solteiros/as menores de vintecinco anos e que convivan no domicilio familiar a 31 de decembro do ano inmediato anterior a aquel no que comeza o curso escolar para o que se solicita o servizo sempre que non tiveran un contrato de traballo ou percibiran recursos (agás bolsas) durante o ano anterior.
- Cando non exista vínculo matrimonial a unidade familiar entenderase constituída polo pai, a nai e todos os fillos dos pais que convivan con eles e que reúnan os requisitos do apartado anterior.
- No caso de separación ou divorcio, non se considerará membro da unidade familiar aquel que non conviva co solicitante do servizo. En cambio, si terá a consideración de membro computable o novo cónxuxe ou persoa unida ao pai/nai e que si conviva co solicitante. A separación ou divorcio acreditarase mediante sentenza xudicial que determine a mesma, ou convenio regulador onde conste a custodia do menor.
- No caso de familias monoparentais (segundo artigo 13 da Lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia), e para os efectos do cálculo da renda per cápita, ao que se refire o parágrafo anterior, incrementaranse nun 0,8 o número real de membros que compoñen a unidade familiar.

Para as persoas non obrigadas a declarar, as bases imposables a que se fai referencia obteranse como resultado de aplicarles ós datos existentes na Administración os criterios da lexislación do imposto sobre a renda das persoas físicas.

Calquera indicio de cambio non declarado, distorsión ou falseamento da situación socioeconómica reflectida na solicitude, poderá dar lugar a que se inicie de oficio un expediente de comprobación dos datos referidos. Coa apertura deste expediente nomearase instrutor/a e secretario/a que elaborarán un informe que será obxecto de análise por parte da comisión de baremación, coordinación e seguimento. Poderase requirir ao/a solicitante os documentos que se consideren precisos para a resolución do expediente.

Aqueles solicitantes que non acheguen a documentación requirida para a determinación da súa capacidade económica, no prazo de subsanación correspondente, non gozarán de exención nin bonificación algunha. Este parágrafo non será de aplicación aos solicitantes en situación de emerxencia social ou con informe técnico no que se acredite que se trata de familias con problemas de integración social, en risco de exclusión, desestructuración familiar, con inicio de expediente en menores ou de intervención familiar.

4. Serán requisitos imprescindibles para poder gozar das exencións ou bonificación recollidas nos parágrafos anteriores:

- Estar empadronado no Concello de Mugaros.
- Que a propiedade pola que se solicita o beneficio fiscal sexa a vivenda habitual.

5. Aos efectos de valorar as solicitudes de exencións e bonificacións presentadas constituirase unha comisión de baremación, coordinación e seguimento que aplicará o disposto no parágrafo anterior e propondrá a contía a aboar ou exención a aplicar en cada caso. Dita comisión estará composta por:

Presidente/a: o alcalde o u concelleiro/a en quen delegue.

Secretario/a: o da corporación ou funcionario/a en quen delegue (con voz e sen voto).

Vogais: un traballador/a do departamento de benestar social.

A interventora do Concello ou funcionario/a en quen delegue.

As solicitudes presentaránse dentro do prazo que se estableza a tal efecto mediante convocatoria pública. Entregaranse no rexistro xeral do Concello, no modelo facilitado ao efecto e achegando a documentación necesaria para verificar que se cumpren as condicións. A comisión poderá propor a concesión dos beneficios fóra dos prazos establecidos cando se acredite un cambio na situación económica, supoñendo dito cambio o cumprimento dos requisitos establecidos na presente ordenanza.

Dita comisión efectuará a proposta inicial de cualificación, correspondendo a resolución ao/á Sr./Sra. alcalde/alcalde-sa. Esta resolución expoñeráse no taboleiro de anuncios do Concello.

Os/as solicitantes que o desexen poderán efectuar as reclamacións debidamente documentadas que estimen oportunas no prazo de 10 días naturais, contados dende a data de publicación da relación provisional, ao abeiro do establecido na sobredita Lei 30/92 de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común. Estas reclamacións entenderanse resoltas coa publicación da lista definitiva.

Gozarán de exención as entidades sociais sen ánimo de lucro, ata o límite de 10m<sup>3</sup> mensuais, sempre que ese consumo destínese aos seus fins sociais.

#### **ARTIGO 5.-DEVEÑO.**

A obrigaón de contribuír nace no momento en que se inicie a prestación do servizo, entendéndose iniciada cando se presente a solicitude de acometida ou, non habéndose solicitado esta, desde que exista efectivamente.

Este servizo é obrigatorio para todas as leiras que teñan fachada a rúas, prazas ou vías públicas nas que exista sempre que a distancia entre a leira e a rede non exceda de cen metros e se devengará a taxa aínda cando os interesados non efectúen a acometida á rede.

O deveño prodúcese o primeiro día de cada trimestre natural. Salvo nos casos de alta en que o deveño producírase o día do alta. As cotas son irreducibles.

#### **ARTIGO 6.-XESTIÓN.**

No caso de acometida á rede, os suxeitos pasivos presentarán a oportuna solicitude e, unha vez concedida, practicaráselles e notificará a liquidación que proceda. Así mesmo, incluíráselles no padrón para o cobro das sucesivas cotas.

As altas e baixas posteriores serán notificadas nos trinta días seguintes á variación e fornecerán efectos no período de cobranza seguinte.

Non se concederán baixas que non vaian acompañadas da correspondente alta salvo que se xustifique a non prestación do servizo nos termos previstos no artigo anterior.



O cobro efectúase trimestralmente mediante recibo derivado do padrón.

#### **ARTIGO 7.-INFRACCIÓN E SANCIÓN.**

En todo o relativo á cualificación das infraccións tributarias, así como á determinación das sancións que polas mesmas correspondan en cada caso, aplicarase o réxime regulado na LGT e nas disposicións que a complementan e desenvolven.

#### **DISPOSICIÓN DERRADEIRA**

Esta ordenanza entrará en vigor a partir da publicación do seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia, será de aplicación a partir do día seguinte ao da súa publicación e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Mugardos, 14 de maio de 2015.

O alcalde

Asdo.: Xosé Fernández Barcia

2015/5616